



Memoria económica e de transparencia do Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Leiro para o proxecto senlleiro das actuacións arqueolóxicas na área de Pena Corneira dentro da categoría de "promoción e posta en da contorna natural da comarca."

Expediente: CNV24_02

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:





-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.

- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais

- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos

Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectosenslleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo)

(https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das





parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 10 de xaneiro de 2024 o Concello de Leiro presentou unha solicitude de colaboración, para a execución das obras de que se trata para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría "Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca".

Xunto ca solicitude achegou a memoria técnica onde se propón levar a cabo das actuacións arqueolóxicas na área de Pena Corneira. Trátase dunhas actuacións onde o principal obxectivo é a procura da rendabilización socio-cultural da contorna de Pena Corneira que supón un valor patrimonial que explotado adecuadamente pódese engadir ao conxunto de valores medio-ambientais e culturais do concello de Leiro.

Dentro do espazo de Pena Corneira atópase un área recreativa que conta cun aparcamento no acceso, varias zonas con mesas, un miradoiro, e unha edificación empregada como centro de interpretación e sala multiusos o que incentiva o interese público e social nesta contorna.

- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade do proxecto do Concello de Leiro reside na promoción e posta en valor da contorna natural da comarca dun espazo de Interese Natural e Zona Natural Protexida, declarada Monumento Natural en 2007. Está inventariado no inventario/catálogo de xacementos arqueolóxicos na Dirección Xeral de Patrimonio, Xunta de Galicia. Presenta categoría de B.I.C. (Grado I) xa que nela atópanse restos de fortificación medieval.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da contorna natural da comarca. Neste caso a memoria presentada polo Concello de Leiro de actuacións arqueolóxicas na área de Pena Corneira propón: por un lado, unhas sondaxes valorativas co fin de estudar a potencialidade arqueolóxica xurdida a raíz da limpeza do acceso ao miradoiro na que apareceron en dúas plataformas e varios abrigos rochosos abundantes restos de material construtivo romano (tegula); por outro lado a posta en valor da Torre de Pena Corneira plantexando unha escavación na propia torre para definir estruturas que alí se agochan.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se





sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

D) Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Actuar en contornas declaradas como zona de especial protección polos seus valores naturais ou que formen parte da Rede galega de espazos protexidos (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).
- b. (...)

TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Leiro queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

- PROXECTO Actuacións arqueolóxicas na área de Pena Corneira" dentro da categoría "Promoción e posta en da contorna natural da comarca".
- ORZAMENTO: Corenta e dous mil trescentos cincuenta euros (42.350,00€), para a anualidade 2024.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2024 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Tipo de indicador	Indicador	Valor inicial	Valor final	Unidade	Data Vixencia
-------------------	-----------	---------------	-------------	---------	---------------





5-PEG	INFAN1- Porcentaxe de gasto de infancia e adolescencia	14,33	14,33	%	10.12.2021
-------	--	-------	-------	---	------------

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 , código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2024	42.350,00 €
	42.350,00 €	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

Orzamento desglosado

Escavación Torre de Pena Corneira			
Descrición	Medición	Prezo	Importe
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo-axudante día	25	140,00 €	3.500,00 €
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo-axudante día	25	130,00 €	3.250,00 €
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo-axudante día	25	130,00 €	3.250,00 €
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo-axudante día	20	130,00 €	2.600,00 €
Xornada de traballo de campo Axudante-restaurador	10	150,00 €	1.500,00 €
Xornada de traballo de campo Axudante-restaurador	10	120,00 €	1.200,00 €
Elaboración de Proxecto e Memoria de actuación arqueolóxica preceptiva para a DXPC	1	800,00 €	800,00 €
Elaboración de Informe de restauración preceptivo para a DXPC	1	500,00 €	500,00 €
Levantamento topográfico e fotometría	1	1.500,00 €	1.500,00 €
Rexistro gráfico e documental	1	400,00 €	400,00 €





Estudo de materiais	1	400,00 €	400,00 €
Gastos Xerais	1	1.400,00 €	1.400,00 €
Total			20.300,00 €
IVE 21%			4.263,00 €
Total Final			24.563,00 €

Sondaxes arqueolóxicas nas plataformas do mirador			
Descrición	Medición	Prezo	Importe
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo- director día	20	140,00 €	2.800,00 €
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo- director día	20	130,00 €	2.600,00 €
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo- director día	20	130,00 €	2.600,00 €
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo- director día	15	130,00 €	1.950,00 €
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo-restaurador	5	150,00 €	750,00 €
Xornada de traballo de campo. Arqueólogo-restaurador	5	120,00 €	600,00 €
Elaboración de Proxecto e Memoria de actuación arqueolóxica preceptiva para a DXPC	1	800,00 €	800,00 €
Elaboración de Informe de restauración preceptivo para a DXPC	1	300,00 €	300,00 €
Levantamento topográfico e fotometría	1	1.000,00 €	1.000,00 €
Rexistro gráfico e documental	1	200,00 €	200,00 €
Estudo de materiais	1	300,00 €	300,00 €
Gastos Xerais	1	800,00 €	800,00 €
Total			14.700,00 €
IVE 21%			3.087,00 €
Total Final			17.787,00 €

Total actuacións

- Escavación Torre da Pena Corneira (sen IVE).....20.300,00 €
- Sondaxes arqueolóxica plataformas mirador (sen IVE).....14.700,00 €

TOTAL (sen IVE).....35.000,00 €
TOTAL (IVE).....7.350,00 €
TOTAL FINAL.....42.350,00 €





Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:
-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
-Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

